



XXXVII Olimpiada Matemática Española

A Real Sociedad Matemática Española (RSME) convoca a XXXVII Olimpiada Matemática Española. Na mesma poderán tomar parte os alumnos e alumnas que estean matriculados durante o curso no Bacharelato LOGSE, COU, 2º ou 3º cursos de FP II.

Con carácter excepcional, e se son avalados por escrito polo seu Profesor ou Profesora, tamén pódense tomar parte na XXXVII Olimpiada Matemática Española os alumnos ou alumnas do 2º Ciclo de ESO.

Primeira Fase en Galicia (<http://www.usc.es/olympia>).

A primeira Fase consistirá na resolución de 6 problemas de Matemáticas, en dúas sesións que terán os días 19 e 20 de xaneiro de 2001, na Facultade de Matemáticas en Santiago de Compostela. A sesión do día 19, dará comezo ás 16 horas, e a do sábado, día 20, dará comezo ás 10 horas.

Sómente se permitirá o uso de útiles de escribir e dibuxar. En particular, non está permitida a calculadora.

Premios da Primeira Fase.

- Tres Primeiros premios de 50.000 pesetas
- Tres Segundos premios de 35.000 pesetas
- Tres Terceiros premios de 25.000 pesetas

Ademais, a RSME Española premiará ós alumnos gañadores con una cuota anual de socio-estudiante, o que lle dará dereito, entre outros beneficios a recibir a revista “**La Gaceta** de la Real Sociedad Matemática Española”.

Segunda Fase.

A Segunda Fase, ou Fase Nacional, da XXXVII Olimpiada Matemática Española terá lugar no Centro de Alto Rendemento *Infanta Cristina* de Los Narejos (Mar Menor) do 22 ó 25 de marzo de 2001. Participarán os gañadores e gañadoras da Primeira Fase e consistirá na resolución de problemas de Matemáticas durante dúas sesións.

O aloxamento e manutención dos alumnos e alumnas, durante a súa estancia en Murcia, correrá a cargo dos organizadores locais da Segunda Fase, e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a través da Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional colaborará na financiación da viaxe.

Premios da Segunda Fase.

Diploma e Medalla de Oro ós primeiros seis clasificados ou clasificadas.

Diploma e Medalla de Prata ós 12 clasificados ou clasificadas entre os postos sétimo e decimoitavo.

Diploma e Medalla de Bronce ós 18 clasificados ou clasificadas entre os postos decimonovo e vigésimo sexto.

Ademais, a Subdirección General de Becas y Ayudas al Estudio do Ministerio de Educación y Ciencia concederá a cada un dos seis primeiros clasificados ou clasificadas, un premio en metálico de 100.000 pesetas.

Olimpiadas Internacionais.

Os alumnos ou alumnas clasificados nos seis primeiros lugares da Fase Nacional formarán parte do Equipo Olímpico de España que ostentará a súa representación na 42ª Olimpiada Matemática Internacional que se celebrará en Washington, DC (EE.UU.) do 1 ó 14 de xullo de 2001, e na XVI Olimpiada Matemática Americana que se celebrará en San José (El Salvador), do 21 ó 30 de setembro de 2001.

Profesores e Profesoras preparadores.

Aqueles profesores ou profesoras que realicen a preparación de alumnos ou alumnas para participar nas Fases da XXXVII Olimpiada Matemática Española, e que estes ou estas sexan seleccionados para a credencial para accederen ó recoñecemento e certificación de actividades de innovación que se estableceu na resolución de 8 de novembro de 1995 da Secretaría de Estado de Educación (BOE 02-12-95).